

Área: Competicións

Circular nº 9 - Temp. 20/21

## NOVIDADES COMPETICIÓN TEMPADA 20/21

### (Asemblea Xeral Ordinaria 4 xullo 2020)

Infórmase a todos os estamentos de que dende a primeira xornada da tempada 20/21 entrarán en vigor os seguintes trocos acordados na Asemblea Xeral Ordinaria de 2020

#### -CLUBS FILIAIS:

O Club patrocinador poderá empregar nos **seus equipos sénior** a xogadores do club filial, tendo en conta que o xogador de este deberá pertencer a un equipo de categoría inferior á da o equipo patrocinador, cumprindo os requisitos establecidos na normativa sobre o cupo adicional na composición dos equipos de categoría sénior.

Os/as xogadores/as xuvenís de ambos clubs (filial e patrocinador) poderán xogar indistintamente en calquera dos equipos sénior, sempre e cando se trate de competicións de carácter autonómico, nunca en competicións que dependan da RFEBM.

#### -RESOLUCIÓN DE COMPETICIÓN EN CASOS EXCEPCIONAIS

No caso de que se paralice a competición por mor de situacións excepcionais coma a da COVID 19, a Comisión Delegada da Federación Galega de Balonmán decidirá en base ás seguintes cuestións:

1. Se o parón se produce antes de que se dispute a primeira volta da competición e non hai tempo para rematar a mesma antes do 30 de xuño ou das datas impostas pola RFEBM para proclamar campións (no caso de que se disputen sectores nacionais); declararase finalizada a competición sen efectos clasificatorios.
2. Se o parón se produce antes de que se dispute a primeira volta da competición e hai tempo para rematar a mesma antes do 30 de xuño ou das datas impostas pola RFEBM para proclamar campións (no caso de que se disputen sectores nacionais).; declararase finalizada a competición con efectos clasificatorios e darase como boa a clasificación da primeira volta.
3. Se o parón se produce despois de que se dispute a primeira volta da competición e non hai tempo para rematar a mesma antes do 30 de xuño ou das datas impostas pola RFEBM para proclamar campións (no caso de que se disputen sectores nacionais); declararase finalizada a competición con efectos clasificatorios e darase como boa a clasificación da primeira volta.
4. Se o parón se produce despois de que se dispute a primeira volta da competición e hai tempo suficiente para rematar a segunda antes do 30 de xuño ou das datas impostas pola RFEBM para proclamar campións (no caso de que se disputen sectores nacionais); remataríase a competición.

5. En caso de que o tempo dispoñible para rematar a competición non permita seguir co formato marcado dende un inicio, a Comisión Delegada decidirá o sistema que mellor conveña a cada unha das categorías para definir unha táboa clasificatoria, tratando de ter uns criterios claros e si é posible, dando opción a todos os equipos que na data de suspensión da competición tiveran opcións matemáticas de alcanzar os postos que leven á consecución ou perda de dereitos deportivos de cara o vindeiro ano.
6. De producirse un parón por causas excepcionais e non poder retomar a competición con normalidade, os equipos que teñan encontros aprazados e non foran disputados dentro do período que marca a normativa, sempre e cando sexa necesario cuantificalos para tomar decisións, poderían chegar a valorarse como perdidos por 10-0 para ambos equipos.

### **-DATAS E HORARIOS DOS ENCONTROS:**

**Categorías alevín e benxamín**, en canto a notificación dos horarios semanas:

- Os encontros de categoría alevín e benxamín que non se celebren pola modalidade de concentración, deben encadrarse dentro da franxa horaria habilitada para as categorías infantil, cadete ou xuvenil, tratando de establecer os horarios de xeito contiguo e no mesmo pavillón coas demais categorías; evitando encontros alevíns e benxamíns en horarios illados.

- No caso de que un club organice varios encontros de categoría alevín e benxamín nunha mesma xornada (agás na modalidade por concentración), os horarios serán contiguos, no mesmo día e pavillón. Exemplo: Non poderá poñerse o partido alevín o sábado pola mañá e o domingo pola mañá outro da mesma categoría ou benxamín, a non ser que vaia acompañado de encontros doutras categorías, para evitar horarios illados nas categorías prebenxamín, benxamín e alevín.

### **-ADIAMENTOS E CAMBIOS DE DATA DOS ENCONTROS**

Os clubs que teñan xogadores/as convocados/as para un adestramento ou encontro coa Selección Galega, non poderán poñer os horarios dos encontros do club que afecten a ditos xogadores/as o mesmo día para o que foron convocados.

Os clubs que teñan xogadores/as convocados/as para un adestramento ou encontro coa Selección Galega sempre e cando o soliciten en prazo, terán dereito ao aprazamento de oficio do encontro oficial na categoría correspondente á que os/as xogadores/as convocados teñan a licenza federativa tramitada. Non deberán realizar o pago das taxas correspondentes. A nova data debe establecerse dentro do período indicado no NOREBA-GA.

### **-ALIÑACIÓN DE XOGADORES/AS A TRAVÉS DA APP ISQUAD**

O/a adestrador/a do equipo deberá realizar a aliñación de xogadores/as a través da App para adestradores/as de Isquad coma moi tarde sesenta minutos antes da hora comezo do encontro; a partir de aí, o equipo arbitral será o encargado de realizar os cambios necesarios en caso de lesión, cambio de xogadores/as, convocatoria aberta, etc.

### -EQUIPOS SENIORS MASCULINOS

Os xogadores do “Cota Adicional” ou “Extra” só poderán ser aliñados nun **máximo de dous (2) encontros** por xornada deportiva, sen importar o día da súa celebración. Os xogadores de categoría sénior da “Cota Adicional” ou “Cota Extra” deberán ser nacionais e nominativos, sempre os mesmos.

Os xogadores de categoría sénior da “Cota Adicional” ou “Cota Extra”, non serán substituídos en ningún caso.

Os xogadores de categoría xuvenil non serán nominativos, podéndose aliñar en cada encontro un máximo de seis (6) . Para que estes xogadores xuvenís poidan ser aliñados , deberán ser autorizados previamente pola Federación Galega de Balonmán, mediante a presentación da autorización dos pais ou titores para xogar en categoría superior á que por idade lles corresponde. Tendo en conta este apartado, o “cupo adicional” de xogadores que poden participar nos equipos seniors masculinos procedentes dos equipos de categoría inferior do mesmo club e/ou filial, será tal e como a continuación se esquematiza:

	XOGADORES SÉNIOR NACIDOS	
	1998, 1999, 2000	XOGADORES XUVENÍS (2003, 2004)
	2001 e 2002	
<b>NÚMERO MÁXIMO DE XOGADORES DA COTA ADICIONAL POR PARTIDO</b>	8	0
	7	1
	6	2
	5	3
	4	4
	3	5
	2	6
	1	6
	0	6

Conforme ao aprobado pola Asemblea Xeral da FGBm do día 9 de xullo de 2016, autorízase a xogadores en idade xuvenil, para poder xogar en categoría sénior, aínda que o seu Club non teña equipo xuvenil participando nas competicións oficiais organizadas pola Federación Galega de Balonmán.

Neste caso o número máximo de licenzas de xogadores en idade xuvenil que un equipo de categoría sénior pode tramitar se establece en **seis (6)**. Ditos xogadores cubrirán praza da cota máxima de 18 licenzas por equipo (cota principal).

Para que a Federación Galega de Balonmán poda tramitar a súa licenza deberán presentar a correspondente Autorización Paterna e para ser alienados nun encontro de competición oficial estar en posesión da correspondente “Autorización Federativa” que lles permita xogar en categoría superior á que pola súa idade lle corresponde. Dita autorización será exclusiva para as competicións organizadas pola Federación Galega de Balonmán

### **-TARIFAS ARBITRAIS / DESPRAZAMENTOS OU VIAXES DOS ÁRBITROS/AS**

CATEGORÍA	DOBRE	SINXELO
1ª División Autonómica Masculina	73,50 Euros /árbitro	99 Euros
1ª División Autonómica Feminina	37,50 Euros /árbitro	55 Euros
2ª División Autonómica Masculina	29,50 Euros / árbitro	43 Euros
2ª División Autonómica Feminina	27,50 Euros /árbitro	33 Euros
Xuvenil Masculina	21,50 Euros /árbitro	26,50 Euros
Xuvenil Feminina	19 Euros /árbitro	22 Euros
Cadete, Infantil, Alevín (7 Xogadores)	10 Euros /árbitro	11 Euros
Minibalonmán (Alevín, Benxamín)		6 Euros
Delegado Federativo	30€/ Xornada	
Arbitraxe veteranos e veteranas	50 €/ Xornada	

### **TARIFAS BALONMÁN PRAIA**

CATEGORÍA ARBITRAL	TAREFAS
Arbitraxe ½ xornada	<b>20€</b>
Arbitraxe xornada completa	45€
Anotador – cronometrador ½ xornada	12€
Anotador – cronometrador xornada completa	28€
Delegado federativo	45€

**DEREITOS ANOTADOR/CRONOMETRADOR**

CATEGORÍAS	TAREFAS	TOTAL
División de Honra Masculina.	2x 42 euros	84 euros
División de Honra Prata Masculina.	2x 34 euros	68 euros
División de Honra Feminina.	2x 34 euros	68 euros
División de Honra Prata Feminina.	2x34 euros	68 euros
Primeira División Estatal Masculina.	2x27 euros	54 euros
Primeira División Estatal Feminina.	2x17 euros	34 euros
2ª División Masc. (Fase Estatal)	2x 17 euros	34 euros
1ª División Autonómica Masc.e Fem.	2x17 euros / sinxelo 20 euros	34 euros / 20 euros
2ª División Autonómica Masc.e Fem.	2x17 euros / sinxelo 20 euros	34 euros / 20 euros
Resto de Categorías	2x6 euros (sinxelo 8 euros)	12 euros / 8 euros

**DESPLAZAMIENTO OU VIAJES DOS ÁRBITROS**

As viaxes aboaranse a 0,22 Euros/Km., calculado por estrada e distancia máis curta. Se o desprazamento dunha parella arbitral corresponde a dous colexiados de distinta localidade, o importe da viaxe a aboar a cada un deles, será o correspondente a razón de 0,22 Euros/Km., ata un punto converxente de ambos. Os desprazamentos dos encontros de calquera categoría territorial é obrigatorio basear o Quilometraxe na folla de Km que aparece publicada na páxina de [www.fgbalonman.com](http://www.fgbalonman.com)

Serán aboados os gastos de peaxes derivadas dos desprazamentos por autoestrada en todos os encontros correspondentes a todas as Competicións organizadas pola Federación Galega de Balonmán e as súas Delegacións; sempre e cando non exista unha ruta alternativa sen peaxe que diminúa o gasto do desprazamento e non provoque unha inversión de tempo moito maior. Esta circunstancia estará regulada sempre polo documento oficial de quilometraxes que a Federación Galega de Balonmán aportará aos membros/as do colectivo arbitral e aos clubs.

Nos encontros das competicións de carácter territorial **NON** existen dietas de horarios ou de desprazamento. Se os árbitros, anotadores e cronometradores ou delegados federativos, teñen que aloxarse, comer/cear, deberá ser autorizado polo CTA, e o importe da comida ou aloxamento debe ser proporcional. (A contía máxima de dieta de comida/cea é de 9 euros por persoa). En calquera encontro que se dispute fóra do horario habilitado polo NOREBAGA, estes gastos correrán a cargo do club locatario (encontros entre semana,...).

TÍTULO III: DEPORTE BASE: ALEVÍN BM 7 e MINIBALONMÁN (No NOREBAGA)



## (Asemblea Xeral Extraordinaria 26 setembro 2020)

### COVID 19 - TEMPADA 2020/21

#### DISPOSICIÓN XERAIS:

1. Todas as propostas aprobadas nesta asemblea terán un carácter excepcional e circunstancial relacionado coa pandemia provocada pola COVID-19; estas, terán efecto ata que sexan revocadas ou modificadas en calquera momento pola Comisión Delegada da Federación Galega de Balonmán ou a Asemblea Xeral en función da evolución da crise sanitaria.

#### ÓRGANOS DISCIPLINARIOS:

2. Será obriga de todos os estamentos dependentes da Federación Galega de Balonmán (árbitros/as, clubs e xogadores/as) o cumprimento do protocolo FISICOVID-DXTGALEGO aprobado pola Secretaría Xeral Para o Deporte.
3. Habilitar ao Comité de Competición da Federación Galega de Balonmán para a aplicación do Regulamento de Réxime Disciplinario no respectivo ao cumprimento de todas as medidas excepcionais aprobadas nesta asemblea e ao protocolo FISICOVID-DXTGALEGO da Federación Galega de Balonmán.

#### MODIFICACIÓNS REGLAS DO XOGO:

4. Permitir o uso de máscara hixiénica ou sanitaria durante o xogo.
5. Será obrigatorio competir e adestrar co modelo, ou modelos de máscara aprobados pola Federación Galega de Balonmán.
6. Introducción dun descanso de dous minutos na metade de cada un dos períodos que conforman o tempo regulamentario, coa finalidade de facilitar a adaptación ao uso da máscara:
  - Categoría Infantil: minuto 13.
  - Categoría Cadete: minuto 15.
  - Categoría Xuvenil: minuto 15.
  - Categoría Sénior: minuto 15.

Este período de descanso utilizarase para a hidratación dos/as deportistas e para normalizar progresivamente as sensacións derivadas do uso da máscara; non para instrucións técnicas, os/as

deportistas, durante eses dous minutos os xogadores/as actuarán segundo o protocolo FISICOVID-DXTGALEGO da Federación Galega de Balonmán.

#### COMPETICIÓN:

7. Durante a tempada 2020/21 as categorías de División de Honra Xuvenil Masculina e Feminina excepcionalmente estarán compostas por 12 equipos.
8. Durante a tempada 2020/21. Excepcionalmente o número mínimo esixido de xogadores/as en acta en cada categoría será:

CATEGORÍA	Nº MÍNIMO XOGADORES
Sénior	9
Xuvenil	8
Cadete	7
Infantil	7
Alevín	7
Alevín minibalonmán	5
Benxamín	5
Prebenxamín	5

9. Durante a tempada 2020/21. Suprímense as limitacións en franxas horarias para todas as categorías, sempre e cando se respecte:
  - As horas de inicio e finalización que figuran no NOREBA-GA.
  - Nas categorías de 1ª e 2ª Sénior Masculina e Feminina, para xogar dentro da franxa horaria do sábado pola mañá, **debe ser de mutuo acordo entre ambos equipos.**
  - Hora mínima de comezo para os equipos que se atopen a máis de 100 km do lugar de celebración do encontro.
  - A colocación de horarios das categorías alevín e benxamín antes ou despois de outros encontros de categoría autonómica.
  - Entre partido e partido debe haber hora e media

